



# Entrevista á coordinadora da Unesco



Pedro Estévez, Eduardo Barajas, Pablo Maceda, Andrés Gilsánz,  
Sofía García, Cristina San Martín, Diego Casal

p- Ola, boas tardes estamos aquí para facerlle unha entrevista a coordinadora da UNESCO e que nos conte algunhas cousas desa organización.

¿Como se chama?

Chámome Luisa Márquez e son a coordinadora galega da UNESCO.

p- ¿Qué é a UNESCO?

É un dos organismos das Nacións Unidas que está dedicado á educación, ás artes, á cultura, ás ciencias, é un organismo dependente das Nacións Unidas que ten a súa sede en París.

p- ¿Qué queren dicir as súas siglas? ¿e cal é o seu obxectivo?

As siglas significan organización de Nacións Unidas para a educación, a ciencia e a cultura. O seu obxectivo é estender o coñecemento o longo de todo o planeta.

p-¿Podería dicirnos que representa o logo?

Hai un logo da UNESCO que é como un partenón, edificio clásico que simboliza o coñecemento. O logo das escolas asociadas é un globo terráqueo que simboliza que estamos en todo o mundo; unha pomba que representa a paz, a UNESCO defende a paz; un neno e unha nena á amizade; un libro que amosa que estamos dedicados á educación e o sol que é o futuro que esperamos.

p-¿Qué significa pertencer a rede de escolas asociadas da UNESCO para os alumnos/as e os profesores/as?

Primeiro pertencer a unha rede que ten unhas 8.000 escolas e iso favorece o intercambio do alumnado e profesorado entre distintos colexios. Tamén ten a vantaxe de poder intercambiar materiais, abrir canles de cooperación internacional, e a práctica de linguas.

p-¿Cómo se puideron unir tantas escolas?

Este é un proceso que se iniciou no ano 1953 coa fundación da UNESCO e despois nos anos 70 nomeouse Secretario Xeral da UNESCO a un español: Federico Mayor Zaragoza que impulsou o crecemento da rede.


Cada día están incorporándose máis e máis escolas.

p-¿Hai algún obxectivo máis que a paz?

As escolas teñen como obxectivos aprender da cultura de paz, a defensa dos dereitos humanos, impulsar a cooperación internacional entre países e defender un desenvolvemento sostible e axudar o medio ambiente.

p-¿Qué podemos facer para colaborar?

Primeiro temos que asumir desde as escolas eses compromisos que serían os pilares da UNESCO. Os alumnos e as alumnas poden colaborar a traveso da súa participación nos proxectos faro. Pero sobre todo deben modificar os hábitos de relación e convivencia. Se queremos construír un mundo pacífico necesitamos unhas escolas pacíficas entón hai que se respetuoso, aprender a respetar as diferencias, non agredir os compañeiros e as compañeiras, protexernos uns os outros... todo eso forma parte das escolas asociadas. Iso e a labor que temos que facer en todos os colexios.





p-**¿Qué traballos se están a facer nas escolas?**

Son moitos e variados. Si son escolas de infantil e primaria traballan todos eles nun proxecto que se chama "programa de cultura e de paz". Outros proxectos son: o de "Lingua Pax" para o coñecemento das linguas a traveso dunha educación en valores; o de "Patrimonio nas mans dos xóvenes"; "A ruta dos escravos" e "A defensa dos dereitos humanos". Pronto se van lanzar dúas campañas internacionais, unha é a campaña mundial contra a discriminación, contra toda forma de exclusión e contra o racismo na que van participar as 8.000 escolas de todo o planeta e despois vai haber outra que se chamará "A década polo desenvolvemento sostible" que se inicia no 2005 e rematará no 2015 e o que vamos facer e como podemos coidar e protexer o planeta, como podemos ser consumidores responsables que e o que temos que facer cando estamos nas nosas cidades e como coidalas e cando viaxamos como debemos ser turistas e respectuosos co medio ambiente, como aprender hábitos de vida ecolóxicos, por exemplo: non desperdiciar a auga na casa ou non deixar as portas das neveiras abertas porque derrochan enerxía. Todo iso vamos a aprender do desenvolvemento sostible que se inicia a partir do mes de outubro e espero que esta escola que é unha escola asociada, participe nesas dúas campañas mundiais. A ti que te parece, **¿Queres participar?**

-Pedro- ¡Pois sí! Pero en outubro xa non estou aquí.

Do que falaches do racismo e discriminación. **¿Cómo pode combaterse iso?**

-Sobre todo aprendendo a respectarnos. Eso é a clave. Para aprender a respectarnos hai que facelo dende o sitio onde estamos. Un exemplo que seguro que entendes moi ben todos e todas: é un compañeiro/a que é un pouco distinto porque é máis grande, máis gordo, ou máis fraco. O que non podemos facer é sinalalo co dedo e chamarlle gordo ou alto, xigante e esas cousas. Pois esa é a primeira fase de aprendizaxe da non-discriminación. Ou porque alguén estudia moito dicirlle: ¡chapón! O primeiro camiño para participar na campaña internacional é crear un espacio de relación e convivencia nas aulas e nosas escolas... Non empuxar polos corredores, ou ir ó patio e non deixar xogar a alguén por que decidimos que é máis torpe e non ser capaces de aceptar que somos todos diferentes. E a discriminación non é só porque un sexa branco e outro negro, ou xitano e outro paio senón que moitas veces esas cousas pasan e vós o sabedes. Pois o primeiro camiño é cando algunha destas cousas pasan temos que dicir que non, temos que aprender a dicir: esto hai que paralo, esto non pode ser así. Reprender dun xeito pacífico e sen violencia ó compañeiro ou compañeira. Temos que crear un espacio de relación e convivencia entre nós.

**¿E se non queren cambiar?**

Insistir e demostrarlle que se pode vivir doutra maneira.

**¿A UNESCO ten algunha relación co mundo africano?**

Si, a maioría de escolas da rede pertencen ó que nós chamamos países do terceiro mundo, esas escolas reciben un soporte especial por parte da UNESCO: material e financiación. As escolas coma a vosa pode participar no programa de solidariedade, que consiste en apadriñar unha escola do terceiro mundo.

**¿Hai algún proxecto que non este desenvolvido de todo?**

Ningún está desenvolvido de todo, o proxecto se constrúe cada ano. Podedes unirvos a estes ou facer outros traballos novos.

Gracias pola entrevista; e quero engadir algo máis:

Desexo que vos atopedes ven dentro das escolas asociadas e que sexades optimistas, e sexades capaces de crear un espacio de relación e convivencia pacífica tanto dentro da escola como no mundo. E, vos invito tamén a que formasedes un comité de alumnos.

**¿Qué é un comité de alumnos/as?**

É unha estrutura fixa, os seus membros traballan nun proxecto, elaboran material para enviar as aulas, é dicir, un grupo de xente que este disposta a dedicarlle algunhas horas do seu tempo libre a traballar en proxectos que lle gusten.

E agora si, graciñas polo seu tempo e ata outra.